



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE ABRIL DO 2019.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. D. Manuel Bello Bouza. Dna. Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e vinte e dous minutos do día vinte e nove de abril do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS CORRESPONDENTES AOS DÍAS 07/03/2019, 25/03/2019, 01/04/2019, 16/04/2019

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceirodo BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifesta que ao respecto das actas o sentido do voto vai igual que o que fixemos durante as últimas actas, hai un gran problema ao respecto das redaccións e as correccións que fan que o que di a acta non é o que se está dicindo, entón este mandato reivindicamos esa falta de rigor na redacción que cambia o contido moitas veces da acta.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación as actas da sesións celebradas os días 07/03/2019, 25/03/2019, 01/04/2019, 16/04/2019 o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 SON DE ARES, 1 NAL, 3 PP) 3 en contra (3BNG), acorda prestarlle a aprobación.

2º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a



celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

5º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción.

Non hai

Antes de entrar na quenda de Rogos e Preguntas o Sr. Alcalde pregunta os Srs. Voceiros se teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia.

Non presentase ningunha

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as, manifesta que é o último pleno de este mandato e que é unha pena que este se visualice coa celebración deste pleno o que foi todo o mandato, imos ao pleno e non hai puntos do orde do día máis ala da aprobación de actas. Como isto é rogos e preguntas voume ceñir aos rogos e as preguntas sen pasar por alto a circunstancia bastante grave que é temen que estes catro anos fixemos unha serie de preguntas que nunca foron contestadas, entón voume ceñir as preguntas que veñen a este pleno.

Hai dúas preguntas que fixemos por escrito e que non nos foron contestadas, supoño que en cumprimento do regulamento se contestarían aínda que non as fixemos, pero imos reiteralas, unha é sobre o Camiño de Pedros a integración no inventario municipal, unha vez que detectamos que había unha obra que estaba invadindo un camiño público segundo dixeron os veciños, pero resulta que non estaba no inventario, e nos últimos plantexamentos non estaban si estaba no catastro do 1956, polo tanto nós solicitamos a integración dese camiño público no inventario municipal. Contamos con ese documento que nos achegaron os técnicos municipais e ademais sabemos das escrituras dos veciños colindantes cuxa escritura di que linda con camiño público, entón a nosa pregunta que queremos que se nos conteste é, en que sentido está ese tema como vai, porque nós entendemos que iso ten que ser unha cousa moito máis rápida.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que a segunda pregunta vai ao respecto doutra que fixemos o pasado doce de abril sobre unha actividade que se desenvolveu, non sei se finalmente se celebrou supoño que si en Montefaro que era sobre Airsoft, queremos que se nos conteste a esas preguntas que fixemos, senón as ten aí eu dígolles outra vez.

Outra pregunta máis ten que ver cunha acta de Xunta de Goberno Local do pasado día 3 de abril do 2019 no punto nº5, neste punto nº5 vai o contrato menor de asesoramento lúdico cultural 2019, chámanos a atención que de tres ofertas que se presentan a primeira a presenta Anxares S.C o 18 de marzo, a segunda a presenta D. Iván Flores Vazquez que é xestor administrativo de Lugo un xestor administrativo e a terceira XEMA COMUNICACIÓN



GLOGAL, A do xestor administrativo de Lugo ten data de 27 de marzo rexistro de entrada 1121 e a de XEMA COMUNICACIÓN GLOBAL data de entrada 22 de marzo e rexistro de entrada 1122 ou sexa chegaron ao mesmo tempo, tal é a circunstancia que segundo podemos comprobar XEMA COMUNICACIÓN GLOBAL que xa foi a quen vostedes lle deron a realización daquela revista publicitaria dos logros do goberno é o mesmo que ANXARES S.C. D. José A. Fernández Rodríguez o mesmo presenta dúas ofertas e a terceira oferta a presenta un xestor administrativo que non se dedica a isto que é de Lugo e que ademais entra no mesmo momento que entra XEMA COMUNICACIÓN GLOBAL, non sabemos se isto é un paripé, nos cremos que si que é un paripé, pero nós queremos que se nos contestase a esa pregunta porque ademais este home leva con contratos menores dende que vostedes están no goberno e ademais se que é o responsable moitas veces de campaña.

A outra pregunta ten que ver tamén con esa mesma acta de goberno onde no punto nº7 validación de facturas di, vistas as facturas presentadas en datas ben en varias datas, por D. Nicolás Castelo Pérez ben aquí decídese pagar todas esas facturas pero non se sabe cal é o motivo polo que por este medio se lle pagan 14200€ máis IVE aparte de porque é unha cantidade bastante importante pero sobre todo porque como xa denunciámos moitísimas veces resulta que todos os contratos que se dan así daquela maneira sen publicidade e sen sequera unha petición formal porque nós nunca encontramos serán peticións de palabra e ademais todas as dirección de obras que teñen que ver con isto e aquelas que non se poden dar aleatoriamente a un enxeñeiro todas van a mesma persoa o cal é sintomático tamén e non sabemos tamén cal é a circunstancia de que se limite este tipo de contratos a outras empresas de Ares que están no mesmo sector, ademais tamén temos que dicir que tamén e sintomático o feito de que o concello pague por uns traballos que poden facer os técnicos municipais sen ter que saír do concello máis cantidade entón a pregunta é moi concreta, cal é a principal razón pola que vostede adxudique a dedo a mesma persoa todas estas obras que saldrían a custe cero si os fixese como pode facelas os servizos técnicos municipais e cal é o motivo para que vostedes limiten este tipo de contratos e a outras empresas do mesmo sector tamén dedicados ao mesmo.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando cales son as medidas a tomar ao respecto da tubaría das Pias.

Remata a Sra. Martínez Martínez a súa intervención.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que en canto o Camiño de Pedros o feito de que non este catalogado non implica que deixe de ser público, a cualificación de ben adscrito do dominio público non depende do catálogo depende da asignación efectiva dese ben a ese uso, entón si é un camiño público ou non é unha apreciación que terá que facerse en atención loxicamente a un fundamento que implica que aínda que non se use todos sabemos que é imprescindible e en consecuencia a denuncia creo que é de fai dous semanas e dicir, eu sei que efectivamente falamos desta situación sabemos que está no catastro do 53 pero falta un dictamen xurídico que diga que efectivamente segue sendo público aínda que todo da a entender que si, porque os bens de dominio público son indescribibles non pero de momento o expediente non está concluído entón non podo informar de mais, temos o expediente aberto e agora hai que escoitar as partes.



O Sr. Alcalde pregunta si hai alguén que invade o camiño.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que hai alguén que o corta cun peche, foi a policía e fixo un informe.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que haberá que esperar por si alguén presenta alegacións, é un expediente ordinario e ao final haberá un dictamen xurídico que quitará ou dará razóns.

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando si o informe xurídico é interno ou externo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o informe será do Secretario Municipal.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que de Airsoft non recordo que preguntara nada.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que a pregunta era sobre si cumpría a normativa respecto do tipo de eventos, sobre si dispón dos permisos do concello e doutras administracións, sobre si existe un informe de secretaría ou informe dos técnicos municipais sobre o seguro de responsabilidade civil.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que esa pregunta non a coñece.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que está no rexistro 1372 de data 12 de abril.

O Sr. Alcalde pregunta a Sra. Barrón Ferro se sabe algo.

Responde a Sra. Barrón Ferro dicindo que si, pero o que non sabía é que era unha pregunta.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que evidentemente ten todo, o seguro de responsabilidade civil, non é unha actividade municipal, é a actividade dunha asociación que cumpría todos os requisitos e celebrou o evento con todas as condicións de seguridade, eu pasei por alí e estaba todo en orden independentemente de que non sei si colaboraba a policía local ou protección civil, iso foi froito dunha asociación que cumpriu os requisitos e lle autorizamos.

Continúa o Sr. Alcalde respondendo a pregunta sobre o contrato do asesor de cultura, manifesta que no 2007 cando houbo cambio de goberno xa había un asesor, nós nos limitamos a ocupar esa praza o que había foise e nós procedemos coa lexislación aplicable dos contratos menores a exercer o mesmo dereito que teñen outros alcaldes nos seus respectivos concellos, isto fano moitos alcaldes nos seus respectivos concellos, sempre planteime porque o fan outros alcaldes doutros cores que teñen asesores e non se pode facer en Ares, non sei porque, cando cambia o goberno se renova o seguinte, nós seguimos cunha figura que xa estaba creada e que é necesaria porque moitos eventos terminan moi tarde e non podes ter ao persoal municipal traballando festivos ou fóra do seu horario que o fan, están e axudan pero grazas a ter este servizo externalizado nos podemos permitir estar en eventos ata moito máis tarde sen complicarlle a vida ao persoal laboral,



efectivamente o fan fóra da súa xornada e empezan coas horas extras ou tempo por tempo pois a externalización deste servizo consideramos que segue sendo positiva.

En canto a validación de facturas do tema do arquitecto, primeiro a súa cualificación é de arquitecto e nós non temos ningún arquitecto no concello e en segundo lugar os nosos apareladores hai aspectos do seu traballo que discuten e non queren facer entón néganse a facer as direccións de obra porque din que non lles corresponde, as direccións de obra non queren asumilas, para as direccións de obra todos teñen subscrito pólizas para profesionais e neste caso tería que facerse cargo a responsabilidade civil xenérica do concello, aí hai unha discrepancia sobre o que eles consideran o seu traballo e o que efectivamente podemos considerar o que é o noso pero si é certo que direccións de obra non levaron nin con nós, nin con gobernos anteriores entón ben, acumulouse un número de facturas e decidimos pagarlle o que se lle debe se lle paga e nese sentido aparecen moitas cousas que non estaban previstas en consecuencia encárganse memorias e loxicamente el reclamou.

En canto a rotura da tubaría das Pías falamos con Augas de Galicia e Augas de Galicia entregou unha documentación que acredita que o mantemento desa tubaría corresponde a Ferrol, que un Alcalde de Ferrol a recepcionou, asinou e asumiu a conservación e o mais probable e que fora aportada con cargo ao 51% que o Concello de Ferrol ten con EMAFESA con infraestruturas a sociedade entón tería que mantela EMAFESA no o fixeron e a tubaría está moi corroída e ameaza con ter máis puntos de rotura. A avaría que ten agora é unha avaría gravísima inunda totalmente unha arqueta e perde oito quilos de presión e posiblemente esta sexa a razón pola que posiblemente o ano pasado tivemos problemas coa presión de auga cando os anos anteriores apenas notouse porque esta tubaría agora leva dous anos e resulta que descubriuna un pescador que pasaba por alí, entón esa avaría que é unha válvula que cada vez perde máis presión e non se pode actuar porque esa tubaría se rompe por aí e para compensar a presión entón din que si arranxan aí a presión pode forzar a ruptura por outro lado entón, barallouse encher a arqueta de cemento rápido para que se seque e non perda auga pero a verdade é que non fan nada, non fan absolutamente nada, encargámoslle un proxecto a PROYFE para que estudara esa avaría e verá a maneira de solucionala e facer algunha proposta inmediata para solucionar a situación pendentes do cambio total da tubaría que é o que está barallando o Concello de Ferrol, o encargamos fai tres semanas e as miñas noticias son que se tivo que entregar o venres pasado a EMAFESA pero non chamaron nin dixeron nada é un tema moi grave afecta a Ares dunha forma considerable, somos os últimos que estamos na cadea de subministro a presión xa o notamos en verán e xa o notamos esta semana santa ou Proyfe adopta unha solución inmediata ou temos que esperar ao cambio de tubaría sen prexuízo de que nos xa estamos facendo obras internas para resolver na medida que podemos o problema e dicir, nós estamos facendo cruces onde estamos trasladando a presión que hai en algúns sitios a zonas de presión e dicir, estamos a facer cruces internos para compensar esas caídas ademais esas caídas non son en todo Ares, son efectivamente en sitios específicos e entón pois estamos a facer cruces eu non sei se nunha destas nos pasaremos de listo e arranxaremos un sitio e enfatiaríamos outro que esa é outra, pero o máis probable é que con estes cruces querendo arranxar a caída dun sitio non imos a enfatiar



outro o teño clarísimo, estamos seguindo as instrucións de xente que sabe que nos di hai que facer aquí e aquí a esperas de que Ferrol asuma a súa responsabilidade pero é o que de momento temos, eu fora de Ares non podo facer nada a miña capacidade é moi limitada, fóra de Ares podemos pedir e haber si efectivamente vaise solucionando.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as dez horas e corenta e tres minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,